

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

2741 *Real decreto 168/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio ao sector vitivinícola español.*

O Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do programa de apoio ao sector vitivinícola español, desenvolveu a aplicación de tales medidas de apoio, que se recollen na organización común de mercado vitivinícola integrada no Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM), modificado mediante o Regulamento (CE) n.º 491/2009 do Consello, do 25 de maio de 2009.

Co fin de mellorar a aplicación do réxime de reestruturación e reconversión de viñedo e optimizar a utilización dos fondos asignados a esta medida, considerouse conveniente adiantar o prazo en que as comunidades autónomas deben comunicar ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, os gastos correspondentes a tal medida e as previsións dos gastos que poden realizar ata o 15 de outubro, quedando fixado o prazo no 15 de xuño.

As circunstancias meteorolóxicas desfavorables sufridas nalgunhas rexións españolas nos meses anteriores á vendima de 2009 reduciron de forma importante a colleita de uva, de forma que fan difícil o cumprimento das condicións exixidas para o cobramento por parte do viticultor da axuda por hectárea establecida para a destilación de uso de boca e, en particular, a entrega do 90 por cento do volume medio de viño de mesa autorizado para a destilación de uso de boca nas campañas vitícolas 2005/2006 e 2006/2007. Este tanto por cento de entrega obrigatoria establécese no artigo 49 do Real decreto 244/2009, en desenvolvemento da normativa comunitaria que lles deixa aos Estados membros a adopción das disposicións necesarias para o desenvolvemento da medida.

Por outra parte, a modificación das condicións de entrega fai necesario ampliar o prazo establecido para a contratación do viño destinado á destilación de uso de boca entre produtores de viño e as destilarías, así como o prazo establecido para a presentación da copia asinada dos contratos de destilación.

A regulación básica contida nesta disposición efectúase mediante real decreto, dado que se trata dunha materia de carácter marcadamente técnico, intimamente ligada ao desenvolvemento da normativa comunitaria.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 19 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do programa de apoio ao sector vitivinícola español.*

O Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio ao sector vitivinícola español, queda modificado como segue:

Un. O número 3 do artigo 29 queda redactado do seguinte modo:

«3. Antes do 15 de xuño de cada ano as comunidades autónomas enviarán á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño:

a) A declaración dos gastos realmente realizados no exercicio financeiro vixente, de acordo co anexo VIII.

b) As previsións de gastos que se poidan realizar ata o 15 de outubro do exercicio financeiro, sempre que o gasto efectivamente realizado exceda o 95 por cento da asignación financeira para o exercicio en cuestión, de acordo co anexo IX.»

Dous. O artigo 49 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 49. *Entrega á destilación e pagamento da axuda.*

1. A cantidade a que se refire a letra d) do número 2 do artigo 45 será o 90 por cento do volume medio de viño de mesa autorizado para a destilación de uso de boca nas campañas vitícolas 2005/2006 e 2006/2007.

Para a campaña 2009/2010, o volume de entrega indicado no parágrafo anterior reducirase na mesma porcentaxe que diminúa o rendemento medio que se obtén da declaración de produción en relación co obtido na campaña anterior.

O rendemento exprésarase en hectolitros por hectárea para cada produtor de viño. Esta redución será de aplicación aos contratos de destilación asinados con anterioridade á publicación deste real decreto, sempre que se presente un documento de conformidade entre o produtor de viño e o destilador.

Non obstante, a redución a que se refire o parágrafo anterior non poderá supoñer obrigas de entrega inferiores ao 50 por cento do volume medio de viño de mesa autorizado para a destilación de uso de boca nas campañas vitícolas 2005/2006 e 2006/2007.

O volume entregado a esta destilación non poderá superar a cantidade resultante de sumar as existencias de calquera tipo de viño ao final da campaña anterior máis o viño que conste na declaración de produción da campaña en curso.

Non obstante, en casos excepcionais debidamente xustificadas, logo de informe do Comité de Seguimento descrito no artigo 51, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderá adaptar as cantidades recollidas nos parágrafos anteriores.»

Tres. A disposición adicional única queda redactada como segue:

«Disposición adicional única. *Período de contratación e presentación de contratos.*

Para a campaña 2009/2010, o prazo de contratación entre produtores e destiladores establecido no número 1 do artigo 50 e a presentación da copia asinada dos contratos de destilación establecida na letra c) do número 2 do artigo 45 finalizará no prazo de 20 días hábiles contados desde a entrada en vigor deste real decreto.»

Catro. O anexo VIII pasa a ter o seguinte contido:

«ANEXO VIII

Gastos de reestruturación e reconversión en 15 de xuño*Reestruturación e reconversión das viñas*

Gastos realizados en 15 de xuño

Comunidade autónoma:			Campaña: Data de comunicación:		
Plan	Reestruturación		Compensación por perda de ingresos		Importe total – Euros
	Superficie – (ha)	Importe – Euros	Superficie – (ha)	Importe – Euros	
Total»					

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA